

HISTORIA DE ESPAÑA. 2001

Os seguintes documentos serven de base para realizar unha composición sobre o **desenvolvemento económico** español no século XIX, centrando a atención na industria. Como punto de partida, o Doc.1 chama a atención sobre o contraste centro-periferia. O Doc.2 permite comentar as características do desenvolvemento ferroviario español, tanto no seu papel de artellador do mercado interior como de incentivador de diversas actividades económicas, mentres os Docs.3 e 4 atenden respectivamente a dous sectores clave, como son o siderúrxico e o téxtil. Por último, o Doc.5 complementa a información subministrada nos anteriores e permite realizar unha valoración global do desenvolvemento decimonónico.


Doc.1.-En 1843, Jaime Balmes expoñía a escasa capacidade da capital do Estado para servir de motor do desenvolvemento económico español:

“Cabalmente temos en España un atranco gravísimo que inflúe máis do que se cre en paralizar o noso desenvolvemento e en facer inútiles os mellores desexos. A vida de España está nas extremidades; o centro está exánime, fraco, frío, pouco menos ca morto. Cataluña, as provincias Vascongadas, Galicia, varios puntos do mediodía, ofrécennos un movemento, unha animación da que non participa o corazón de España. Londres é digna capital da Gran Bretaña, París, de Francia; na actividade, na vida da que rebordan aquelas cidades vedes as indispensables condicións da cabeza dun gran corpo. En Madrid e en tódolos arredores a longuíssima distancia nada parello atoparedes. Nin agricultura, nin industria, nin comercio”.


Doc.2.-O seguinte mapa amosa as liñas ferroviarias construídas en España entre 1848 e 1868:



Doc.3.-Principais instalacións siderúrxicas en 1866:



Doc.4.-Importación de algodón en rama pola aduana de Barcelona (en milleiros de toneladas):



Doc.5.-O historiador Gabriel Tortella valora así o esforzo industrializador na España do século XIX:

“Hai no século XIX español un número elevado de esforzos a prol da modernización do país. Por unha banda temos os esforzos privados da clase empresarial catalana por crear unha base industrial no principado. Por outra están os repetidos intentos progresistas por sentar as bases políticas e lexislativas dunha sociedade moderna, é dicir, industrializada e tecnificada. O século XIX non foi en España de absoluto estancamento: en Cataluña, e en especial en Barcelona, desenvolveuse unha notable industria; o país levou a cabo a desamortización e a construción da rede ferroviaria; reformouse a educación, o sistema monetario e bancario, os impostos; instituíuse definitivamente o orzamento; sentáronse as bases da industria siderúrxica, etc. Pero en total a tan cacarexada revolución industrial non tivo lugar”.

ORIENTACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> -O contraste entre centro e periferia -Características do desenvolvemento ferroviario español -Sectores industriais clave: <ul style="list-style-type: none"> • Siderúrxico • Téxtil -Valoración global do desenvolvemento económico do século XIX
---------------------	--

DOCUMENTOS	CUESTIÓNS A DESENVOLVER
1. J. Balmes en 1843 destaca a escasa importancia de Madrid fronte á periferia	* Unha das características do desenvolvemento económico español son os contrastes rexionais . As rexións máis desenvolvidas, modernizadas e industrializadas estaban na periferia: Cataluña, Provincias vascas, Asturias, Levante e outras rexións costeiras, como as rías galegas coa conserveira de peixe. O interior estaba pouco desenvolvido, seguía sendo agrario, rural e atrasado, aínda que algunhas zonas lograron especializarse en determinados produtos agrícolas e gandeiros.
2. Mapa da rede ferroviaria entre 1848 e 1868	* As características del desenvolvemento ferroviario español <ul style="list-style-type: none"> • Cando e como se inicia a construción da rede ferroviaria

	<p>(Bienio Progresista, lei ferroviaria de 1855, impacto da desamortización de Madoz).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Que trazado ten e por que • Que papel xogou no desenvolvemento económico
<p>3. Mapa das principais instalacións siderúrxicas en 1866</p>	<p>* Un dos sectores industriais motores do desenvolvemento económico: a siderurxia, que impulsa, á súa vez, a minería do carbón e mineral de ferro.</p> <p>-Destacar os focos iniciais, en 1866, e explicar cales se consolidaron, cales fracasaron e cales foron as súas causas</p>
<p>4. Gráfica: a importación de algodón en Barcelona</p>	<p>* Outro dos sectores industriais punteiros: a industria téxtil do algodón, que se consolida en Cataluña.</p> <ul style="list-style-type: none"> • De onde procede o algodón en rama • Como se desenvolveu esta industria • Que vantaxes tivo... • Impacto da lexislación estatal con respecto á industria téxtil catalá.
<p>5. Valoración de G. Tortella</p>	<p>* Modernización, especialmente nalgúns ámbitos e rexións, si houbo, pero revolución industrial non, polo menos aplicando a España o modelo inglés. Gabriel Tortella é un dos historiadores que defenden que en España houbo un proceso de modernización que se caracteriza por ser máis tardío, máis lento e que presenta moitos desequilibrios rexionais. Ademais entende que a política proteccionista atrasou o desenvolvemento, porque a burguesía dominante tiña o mercado asegurado e non innovaba para facer competitiva a súa produción.</p> <p>-O debate entre os historiadores sobre o desenvolvemento económico español:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os que opinan que en España no houbo revolución industrial, que o desenvolvemento económico foi un fracaso (Nadal). • Os que defenden que si houbo revolución industrial, pero que responde a outro modelo: o patrón latino de modernización (Tortella). • Os que opinan que o proteccionismo arancelario favoreceu o desenvolvemento económico (Tamames). • Os que opinan que a protección arancelaria atrasou o desenvolvemento e a modernización da industria (Tortella).
<p>CONCLUSIÓNS</p>	<p>O desenvolvemento económico a España do século XIX produciuse máis tarde que noutros países europeos, a finais do século XIX e comezos do XX e presentou importantes desequilibrios territoriais, cun maior peso da periferia fronte ao centro. Desde el punto de vista social favoreceu a unha minoría</p>

	oligárquica de empresarios, banqueiros, terratenentes, que eran propietarios das empresas, bancos terras e que controlaban o poder político. A maioría da sociedade española, as clases populares, eran pobres, non tiñan propiedades, non se lle recoñecían dereitos laborais e os seus dereitos políticos eran frecuentemente manipulados.
--	--

CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ CORRECCIÓN

- A localización esencialmente periférica da industria española, os desequilibrios rexionais que presenta e a inexistencia dunha capital política válida para promover o desenvolvemento económico español (Doc. 1).
- A importancia do ferrocarril (Doc. 2) como medio de articulación dun mercado nacional, lastrado no caso español polos criterios seguidos no deseño da rede e as dificultades que o seu desenvolvemento atopou.
- Os sectores siderúrxico e téxtil (Docs. 3 e 4) como exemplos de desenvolvemento industrial, atendendo á súa localización xeográfica e evolución.
- Valoración global do esforzo industrializador na España do século XIX, aludindo á controversia historiográfica sobre a cuestión.
- É pertinente que aparezan alusións a asuntos non mencionados nos documentos, pero que se vinculan ou condicionan o desenvolvemento industrial: o debate librecambismo/proteccionismo, o desenvolvemento da banca, a escaseza de materias primas, o deficiente mercado interior...